



CONCELLO DE  
**MONFORTE  
DE LEMOS**

### ANUNCIO

#### **APROBACION PADRÓN PREZO PUBLICO CONSERVATORIO 2FRACCION MATRICULA CURSO 2017-2018, ESCOLAS MUSICA E DANZA OUTUBRO 2017 E UTILIZACIÓN INSTALACIÓNS DEPORTIVAS TERCEIRO TRIMESTRE 2018**

Por Xunta de Goberno Local do día 6 de novembro de 2017 aprobáronse os seguintes padróns:

- 1) Prezo Público Conservatorio Segunda Fracción Matrícula curso 2017 -2018
- 2) Prezo Público Escolas Música e Danza outubro 2017
- 3) Taxa pola prestación de servizos nas Instalacións Deportivas Municipais-terceiro trimestre 2017.

De acordo co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, notifícanse colectivamente os recibos derivados destes padróns.

De conformidade coa Ordenanza Xeral de ingresos municipais de dereito público, expóranse ao público nun prazo de 20 días, contados a partir do primeiro día do período de pago en voluntaria destes padróns, para que se poidan presentar as reclamacións pertinentes.

De acordo co artigo 14.2 c) do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei das Facendas Locais, contra o acordo de aprobación dos padróns e das súas liquidacións poderase interpor recurso de reposición no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao remate da exposición pública dos padróns. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderase interpor recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei 25/98 de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

De acordo co disposto no artigo 62.3 da Lei Xeral Tributaria, fíxase como prazo de pago en período voluntario dende o 13 de novembro de 2017 ata o 15 de xaneiro de 2018.

Advírtese que transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas serán esixidas pola vía de constrinximento, e devindicaranse as correspondentes recargas do período executivo, os xuros de mora, e no seu caso, as costas que se produzan

Monforte de Lemos, 6 de novembro de 2017

O Alcalde-Presidente

José Tomé Roca

